



CEP CAMPOLONGO PONTEVEDRA



Xunta de Galicia



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 2019/2023

Sumario:

- 1.- Xustificación do Proxecto.
- 2.- O proceso normalizador no noso centro.
 - 2.1 Unha aproximación a nosa realidade lingüística.
 - 2.2 Incidencia do EDL sobre a realidade lingüística.
- 3.- Desenvolvemento do Proxecto Lingüístico.
 - 3.1 Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.
 - 3.2 Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.
 - 3.3 Linguas empregadas nas áreas , materias, módulos ou ámbitos de coñecemento segundo o decreto 79/2010, capítulo III, artigos 5º e 6º.
 - 3.4 Medidas tomadas para a participación do currículo integrado das linguas.
 - 3.5 Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente Dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
- 4.- Avaliación do Proxecto e Addenda anual.

1.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

O Proxecto Lingüístico do Centro é un documento que desenvolve o artigo 14º do Decreto 79/2010 do 20 de maio, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Tamén é un recurso que pretende achegar iniciativas e propostas para revitalizar e impulsar a realidade lingüística da escola, para revertir o proceso de substitución lingüística que tódolos datos nos sinalan, contando en particular coa implicación da comunidade educativa e, en xeral, cos sectores ligados a realidade de nenos e nenas.

As sucesivas disposicións legislativas: “Estatuto de Autonomía”, “ Lei 3/1983 art. 14.3 e Decretos 247/1995 e 66/1997, do 15 de xuño”, “Plan xeral de normalización da lingua galega 21 de setembro de 2004”, e o actual decreto no que se enmarca este proxecto, permiten articular diferentes dinámicas e actividades, de xeito que se pode crear un ambiente de traballo participativo, onde se esixe e se sistematizan os intercambios comunicativos, cunha metodoloxía para a dinamización sociolingüística integradora, reforzando as estratexias socioafectivas.

Toda esta normativa que promove a administración non se debe considerar -no referente a regulamentación- como o desexado punto final no proceso, xa que é preciso una focalización do esforzo dos sectores comprometidos co idioma cara o cumprimento de tódolos aspectos lexislados.

Esta reflexión ten a súa transcendencia en contextos sociolingüísticos castelanzantes como é a nosa escola, onde partimos dunha situación de inferioridade do galego en relación co castelán e tendo en conta que cambiar o hábito de uso dunha lingua está condicionado só no 20% polas habilidades técnicas ou comportamentos lingüísticos e no 80% polas destrezas emocionais, é una tarefa fundamental e común de todos, integrar dinámicas socioafectivas e asentando valores relacionados coa diversidade lingüística e o plurilingüismo, a normalización cultural e os hábitos lingüísticos; afondando fundamentalmente nos beneficios do plurilingüismo, posto que o modelo de "equilibrio" no reparto do espazo vehicular do ensino entre as linguas galega e castelá non é garante da normalización escolar da lingua propia de Galicia, pois o alumnado ó remate da primaria non acada as mesmas competencias lingüísticas en galego que en castelán, especialmente a nivel

oral; en todo caso, é preciso de reforzar precisamente a lingua menos prestixiada, neste caso o galego, xa dende a máis temperá idade, toda vez que o castelán vai estar presente na aprendizaxe familiar e/ou social. A desigualdade sociolóxica do galego non se pode eliminar por medio da igualdade no trato.

Se ben o ensino se ten destacado polo seu indubidable compromiso coa normalización do idioma, é ben certo tamén que debe realizar un esforzo pola normalización da cultura galega, globalmente considerada esta.

Dado que a comunidade educativa do noso centro xoga un papel fundamental no eido normalizador, mantemos a convicción de que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que se leven a cabo no proceso normalizador; este equipo de dinamización entende que igual se lle pode dar unha volta ao hábito de afastarse da realidade propia se por parte da comunidade educativa se pon interese e se fomenta non só o dereito senón tamén o desexo e o deber de uso do galego, superando o pesimismo e apoiando iniciativas a prol do emprego común e sen complexos da nosa lingua.

2.- O proceso normalizador no noso centro.

2.1.- Unha aproximación a nosa realidade lingüística.

O alumnado presenta o Castelán como lingua vehicular, na súa inmensa maioría, a súa competencia e as súas actitudes non o predispoñen favorablemente de cara ó galego . Son, pois, nenos e nenas castelán falantes, aínda que poden emprega-lo galego, con certas dificultades, en moitos casos. O profesorado é tamén castelán falante maioritariamente, o galego emprégase fundamentalmente na escrita, onde a nivel curricular cómprese a normativa. No tocante a oralidade o seu emprego é escaso fora dos contextos curriculares.

Despois de observar a nosa realidade lingüística chegamos ás seguintes conclusións:

Realidade lingüística do alumnado:

- Lingua utilizada habitualmente polo alumnado no ámbito escolar: o castelán.
- Lingua utilizada habitualmente polo alumnado na súa vida cotiá: o castelán.
- Lingua empregada habitualmente polo alumnado no seu ámbito familiar: o castelán.

- Actitudes cara á normalización social do galego que se constatan entre o alumnado: pouco favorables.

Realidade lingüística do profesorado:

- Lingua habitual do profesorado: predomina o castelán.
- Emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais: escasa.
- Emprego da lingua a nivel curricular:

EDUCACIÓN PRIMARIA, primeiro e segundo curso: Coñecemento do Medio, L. Galega, E. Física e Música en galego, e en castelán: Matemáticas, Relixión, Plástica-Artística e L. Castelán.

EDUCACIÓN PRIMARIA, segundo e terceiro curso: Coñecemento do Medio , L. Galega, E. Física, Música en galego. L. Castelá: Matemáticas,Relixión,Plástica-Artística en castelán.

EDUCACIÓN PRIMARIA, quinto e sexto curso: Coñecemento do Medio, L. Galega, E. Física e Música en galego, e en castelán: Matemáticas, Relixión, Plástica-Artística e L. Castelán. .

Aula das tecnoloxías da información e da comunicación: utilización escasa.

Profesorado de PT/AL: emprego do galego segundo o estipulado por lei.

Profesorado de inglés: non cuantificado o emprego.

Realidade lingüística do centro:

- Lingua empregada habitualmente nas familias: o castelán.
- Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias: o castelán
- Presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc.: SI
- Emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións. Escritas SI, na oralidade empregase maioritariamente o castelán.
- Emprego da lingua galega por parte do persoal do centro: case todos en castelán.
- Emprego da lingua galega por parte da ANPA (tanto nas actividades que organiza como por parte dos seus membros): maior uso do castelán na oralidade, galego en moitos escritos nos comunicados.

- Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares: o castelán.
- Dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, CD, DVD). Manteñen certo equilibrio.
- Presenza da lingua galega na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (páxina web do centro, blog da biblioteca ou das clases, actividades informática na docencia...): en galego.
- Visibilidade das accións do Equipo de Dinamización Lingüística: aceptable.

2.2 Incidencia do EDL sobre a realidade lingüística.

O EDL intenta pór en marcha diferentes actividades e propostas, asumindo a principal responsabilidade de artellar este proxecto, dependendo o seu aproveitamento, iso si, de diversas variábeis: actitude do equipo directivo, “dispoñibilidade horaria”, profesorado disposto a colaborar, espazo para reunións e medios materiais , etc.

Unha das posíbeis vías de traballo é a de elaborar un plano lingüístico específico que teña en conta a situación lingüística particular de partida do centro e que garanta a consecución progresiva do obxectivo normalizador, no que se facilite ao profesorado a posibilidade de aumentar o nivel de oralidade. Para elo pode servir de punto de partida este proxecto pero precisamos chegarmos a algúns acordos con consensos o máis amplos posibles cos seguintes eixes básicos:

- Un incremento progresivo, flexíbel, do nivel de competencia do alumnado.
- Un incremento no total de horas das actividades complementarias extraescolares impartidas en galego.

É importante a posibilidade de chegarmos a acordos concretos que favorezan unha maior presenza do idioma como lingua vehicular naquelas materias do currículo aprobadas polo claustro, de acordo coa lexislación vixente. É de destacar a resposta positiva por parte dalgúns compañeiros/as que até de agora non se viran na necesidade de posicionarse. Por último, a continuidade no tempo e unha certa coherencia que considere esta planificación como algo do “centro”, institucionalizando, con aparente normalidade, todo o proceso. Canto ás limitacións, sinalar a característica de “voluntariedade” en que se basean algunhas propostas, polo que unha parte do profesorado non se vinculará ás decisión maioritarias.

É preciso tamén, apoiar e axudar ao EDL nas actuacións para a aplicación da normativa vixente, e cando se programen procedementos e actividades dirixidas a tódolos sectores educativos para tratar de evitar desaxustes nos avances, pois botamos de menos a presenza de directrices, prescricións e pautas claras que orienten a progresión do proceso no espazo curricular, así coma as directrices metodolóxicas e didácticas para o "coidado" da lingua galega nos primeiros cursos da primaria. Neste aspecto, a normativa é escasamente orientadora, pois non ofrece pautas que permitan guiar planificadamente a implantación progresiva do ensino en galego, sobre todo no que respecta a escasa concreción do uso do galego nas primeiras etapas educativas e, moi especialmente, no que atinxe ao momento decisivo da adquisición das destrezas da lectoescritura.

Na tarefa de coordina-las iniciativas normalizadoras no centro , o EDL diversificará as estratexias e programará tarefas e accións normalizadores orientados ás familias, ANPA e a toda a comunidade educativa promovendo unha intervención necesaria sobre o ámbito familiar: hai que concienciar ás familias da súa responsabilidade na herdanza da lingua. Traballar conxuntamente coas ANPAS, facilitando información legal aos diferentes órganos, sectores e profesionais docentes.

O EDL, despois de analizar os datos lingüísticos contempla as seguintes posibles actuacións:

- Provocar e promover actividades encamiñadas a establecer o contacto xeracional do alumnado.
- Propor ás titorías actividades normalizadoras.
- Consolidar os pequenos avances normalizadores no centro, conseguidos a través da práctica habitual.
- Promover actividades que transcendan ao ámbito escolar propiamente dito: actividades de achegamento a Portugal para incrementar o prestixio e utilidade da lingua.
- Centrarse máis na oralidade fronte á lectura e a escritura, posto que é alarmante a perda de falantes.
- Considerar a normalización lingüística como una implicación de todas das materias curriculares no proceso: música, educación física, actividades complementarias e extraescolares.

3.- Desenvolvemento do Proxecto Lingüístico.

3.1 Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega:

- Abordar o escenario educativo do centro e contribuír á dinamización lingüística do mesmo.
- Mellorar as actitudes lingüísticas da comunidade educativa, incluíndo as respostas condutuais (interiorizadas, non impostas).
- Alcanzar as mesmas competencias do galego en igualdade co castelán na docencia, entre os docentes e nas relación escolares en xeral.
- Crear hábitos de uso nos castelán falantes de tal xeito que cuestionen determinadas normas contextuais e poidan optar polo galego á hora de abrir unha conversa.
- Dotar ao alumnado de competencia lingüística plena en galego.
- Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.
- Garantir a competencia lingüística do alumnado ao remate da primaria.
- Estender e optimizar o uso da lingua galega a tódolos axentes educativos.
- Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.
- Implicar todos os axentes escolares neste proceso.

3.2.- Liñas de actuación para o fomento da lingua galega:

- Potenciar decididamente os usos orais.
- Abranguer unha ampla diversidade de situacións comunicativas e todos os rexistros da lingua.
- Reflexionar activamente sobre os prexuizos lingüísticos.
- Traballar o eido lúdico-afectivo das actitudes en relación coa diversidade.
- Tentar romper coas disociacións da imaxe social do idioma: galego fronte a potencialidades comunicativas, espontaneidade urbana, usos tecnolóxicos...
- Poñer en marcha as medidas necesarias por parte da administración para que a normativa se aplique.
- Favorecer os contextos para expresarse en galego .
- Estender o uso do galego nas actividades escolares e extraescolares.

- Emprego e mellora da competencia comunicativa en galego do profesorado.
- Realización das explicacións e comentarios das materias impartidas en galego nesta lingua.
- Fomentar unha boa predisposición nas familias do uso do galego .
- Aproveitar as coincidencias lingüísticas do galego e o castelán como unha oportunidade para mellorar o aprendizaxe das mesmas.
- Fomentar o uso do galego nas tecnoloxías da información e comunican.
- Reforzar o uso dos contextos galegofalantes para que o alumnado se exprese nesta lingua.
- Compromiso por parte do profesorado de levar adiante estas medidas para obter resultados.
- Buscar referentes de mestres/as galegofalantes co obxectivo de acadar como mínimo o 50% da oralidade.

3.3 Linguas empregadas nas áreas , materias, módulos ou ámbitos de coñecemento segundo o decreto 79/2010, capítulo III, artigos 5º e 6º.

Establecemos estratexias que toman en consideración o punto de partida (maior ou menor grao de normalización acadado ata este momento) e as liñas globais do modelo definido, de xeito que se procurarán aquelas adaptacións que fagan posible un maior achegamento ás pautas contempladas neste documento.

Así, nos actuais primeiro e segundo de primaria respectando o camiño xa andado, tenderase a solucións que se propoñen a continuación.

Nos seguintes curso de Primaria debe afondarse na liña de consolidar o galego como lingua de uso nos termos que establece o decreto 79/2010.

Deste xeito debe darse unha liña de normalización progresiva que, partindo das distintas situacións iniciais consideradas, teña como obxectivo camiñar cara a ese punto terminal normalizador. Establecerá os ritmos de aplicación ata chegar ao obxectivo final (fase de transición - fase de aplicación - fase de aplicación).

Debemos considerar, así mesmo, as situacións de transición que se darán ata a aplicación plena do mesmo. Segundo todo o exposto o MODELO LINGÜÍSTICO QUE SE PROPÓN É O SEGUINTE:

- EDUCACIÓN PRIMARIA:

Primeiro e segundo curso: Partindo de que a meirande parte do alumnado ten como primeira lingua o castelán, promóvese un incremento progresivo do uso do galego como lingua de comunicación, procurando a adquisición gradual de competencia e fomentando o gusto pola lectura e a escritura en galego, no sentido de que o alumnado obteña unha competencia básica que lle permita comunicarse en galego co alumnado e o profesorado. Cómpre ter en conta que é agora cando se afianza a adquisición das técnicas instrumentais básicas e, por tanto, un período fundamental para afianza-lo galego como lingua presente no ensino, incorporando as áreas de coñecemento do medio natural, social e cultural, as materias do currículo aprobadas polo claustro xunto coas actividades complementarias nas que participe toda a escola.

CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS: Iniciación ao ensino en castelán cunha progresiva incorporación do galego que permita o coñecemento desta lingua o antes posible. Prestarase especial atención ao emprego das estratexias metodolóxicas máis oportunas, fundamentalmente no que se refire a formulación de obxectivos, especialización lingüística do profesorado e dos espazos, uso das dúas linguas, etc. Fomentarase o ensino en galego naquelas situacións favorables dende o punto de vista sociolingüístico (apoio da familia e da comunidade educativa).

No caso dos/as nenos/as cunha competencia normal na súa lingua familiar, neste caso o castelán, o ensino nunha segunda lingua resulta beneficioso, pois permite manter a competencia na súa lingua materna (moi presente socialmente, especialmente nos medios de comunicación e nas novas tecnoloxías) e adquirir progresivamente unha competencia necesaria na lingua galega e, á fin, na lingua que cómpre reforzar.

Con referencia ao proceso de ensino-aprendizaxe da lecto-escritura, deberá realizarse na lingua na que o alumno ou alumna veu sendo escolarizado, procurando afianzar o galego coma lingua vehicular, fundamentalmente na oralidade, naquelas áreas que establece o decreto e os acordos de claustro. No caso da lecto-escritura, é moi doada a transferencia de aprendizaxes dun a outro

código, polo que se debe facilitar esa transferencia cunha aprendizaxe paralela, aínda que haxa unha pequena diferenza temporal.

-Terceiro e cuarto curso: No terceiro e cuarto curso seguirase o mesmo criterio que nos cursos anteriores. Prestarase maior atención á oralidade, incidindo na mesma de forma progresiva e reforzando a nivel curricular as áreas estipuladas por lei ademais de educación musical, sesión de lectura (en equilibrio co castelán), educación física, informática e actividades complementarias.

-Quinto e sexto curso: Consolidar a oralidade e a adquisición de competencias plenas en L. galega, coñecemento do medio natural, social e cultural, en educación musical, sesións de lectura, educación física, informática e actividades complementarias.

CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS: Irase incrementando progresivamente a presenza do galego. En calquera caso ampliarase a competencia en lingua galega, tendo en conta a importancia de incorporar de xeito prioritario a oralidade.

Tamén se deberán establecer as estratexias precisas para acadar a plena competencia do galego nas ensinanzas establecidas por normativa e os obxectivos básicos da Lei de Normalización.

3.4 Medidas tomadas para a participación do currículo integrado das linguas.

No desenvolvemento do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os currículos das distintas linguas incorporan unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade.

Así nas idades do alumnado de educación primaria é especialmente salientable que as aprendizaxes de linguas establecidas no currículo desta etapa se traten de xeito integrado,

esperten a curiosidade e o interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara as persoas falantes desas linguas.

Na Lei de normalización lingüística: “O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.” “A lingua galega é materia de estudio obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.”

“Garantirase o uso efectivo deste dereito en tódolos centros públicos e privados.” “As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.”

Neste marco de plurilingüismo activo, o galego ten a oportunidade histórica de transformarse no máis eficaz núcleo comunicativo escolar, para acadar este obxectivo propoñemos as seguintes medidas:

MEDIDAS A TER EN CONTA POLA ADMINISTRACIÓN:

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- Desenvolver un plan de formación que garanta que todo o persoal escolar de Galicia teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego.
- Fixar e difundir polas canles axeitadas a terminoloxía, os estilos e as linguaxes de especialidade necesarias para que o persoal docente poida desenvolver en galego as súas funcións e tarefas.

- Asegurar unha formación sociolingüística e psicopedagóxica dos docentes de educación infantil e primaria que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar
- Esixir a todos os centros, sen excepción, o cumprimento da normativa vixente sobre normalización lingüística, adoptando medidas correctoras no caso de incumprimento.
- Garantir unha ampla oferta educativa en galego nos primeiros treitos educativos e na aprendizaxe da leito escritura, na perspectiva de que este idioma se converta en lingua vehicular con competencia plena.
- Establecer unha oferta educativa en galego na educación infantil para todos os nenos e nenas galego falantes.
- Realizar en todos os centros un seguimento e avaliación anual do grao de galeguización do currículo e da súa efectividade.
- Promover desde a Administración educativa (a través de proxectos, en convenios con editoriais, etc.) a elaboración de materiais para o ensino da lingua desde unha perspectiva comunicativa e priorizando o uso das TICS.

MEDIDAS A TER EN CONTA POLA COMUNIDADE EDUCATIVA:

Aspectos visuais , orais e documentais do centro:

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos,etc.
- Ter en galego a páxina web do centro e promover, a través de diversas ligazóns, a consulta doutras páxinas de interese.
- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados,etc.
- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, conferencias,etc.

- Empregar o galego na megafonía, actividades extraescolares, etc.
- Editar en galego a revista e outras publicacións (periódicas ou non) do centro.
- Preparar exposicións sobre o uso do galego que teña en conta tres niveis:
 - A sociedade en xeral.
 - O contorno do centro.
 - O colectivo educativo.

Creación de actitudes positivas de cara ao prestixio da lingua. Favorecer a modificación das condutas sociolingüísticas dos membros da comunidade educativa, fomentando os usos lingüísticos en lingua galega e desfacendo prexuízos e opinións lingüísticas negativas.

- Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.
- Implicar todos os axentes escolares no proceso normalizador.
- Abordar o escenario educativo e escolar e contribuír á dinamización lingüística do contexto.
- Fomentar campañas que, proporcionando información e estímulos positivos, busquen a modificación das actitudes negativas.
- Divulgar unha imaxe da lingua galega centrada nun argumentario moderno, que complemente o discurso identitario.

MEDIDAS PARA O PROFESORADO:

Alcanzar o uso vehicular e normativo do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

- Participar en actividades de formación e de reciclaxe para o profesorado.
- Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Realización de actividades conxuntas entre centros que estean próximos.

- Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, deportivos, clubs de lectura.
- Promover encontros e intercambios co alumnado doutras zonas.
- Colaboración entre distintos centros educativos: poden ser do mesmo nivel (como tal, dous centros de primaria) ou de distinto nivel.
- Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.
- Divulgar e intercambiar experiencias e modelos de planificación lingüística a través de encontros, publicacións, etc.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO:

- Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares co alumnado (e non só para o alumnado), realizando proxectos interdisciplinarios nos que se integre profesorado que aínda non se decidiu a "dar o paso"...
- Articular diferentes dinámicas e actividades para que o alumnado poida darlle máis sentido ao que fai e se posibilite a comprensión da realidade social da lingua e o achegamento reflexivo ás barreiras que impiden a expresión (competente) en galego.
- Garantirle ao alumnado ámbitos, actividades e espazos de uso en que poidan utilizar activamente a lingua galega.

MEDIDAS PARA O EDL:

- Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, indicando en que medida lle afecta a cada membro da comunidade educativa.
- Promover charlas de todo tipo (con escritores/as, con sociolingüistas, con personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión, etc.) para promover a utilización social da lingua.

- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos (lexicográficos e terminolóxicos) e pedagóxicos existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega.
- Informar sobre os recursos existentes para o ensino-aprendizaxe do galego e en galego (especialmente en CD e na Rede) e difusión destes de forma gratuíta a todos os centros.
- Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos. Esas campañas poderán estar destinadas ás familias, ao profesorado ou ao alumnado.
- Realizar na memoria de cada curso escolar unha avaliación do estado de normalización de cada centro en que se dea conta, cando menos, das seguintes cuestións:
 - Número de materias e aulas nas que aumentou ou diminuíu o uso do galego.
 - Materias nas que a lingua galega non está presente,
 - Repercusión deses cambios na competencia e no uso do galego por parte do alumnado.

MEDIDAS DE ACTUACIÓN DOCENTE:

Estas medidas apóianse coa realización de diversas actividades no centro programadas polo EDL.

MEDIDAS CURRICULARES:

A lingua galega e o plurilingüismo:

- Potenciar as capacidades do alumnado para valorar a realidade psicolingüística e pluricultural de Galicia, impulsando a lingua galega como elemento configurador da identidade persoal e social.

A lingua oral:

- Valorar a nosa tradición oral: lendas, contos, refráns, coplas , concienciándose da importancia que o axeitado uso da lingua oral ten para o desenvolvemento persoal e da vida social.

- Participar activamente en situacións de comunicación oral, espontáneas ou planificadas, comprendendo os textos orais e interpretando os seus principais elementos estruturais e de contido.

A lectura e a escritura:

- Potenciar a lectura de textos de calquera tipo, aplicando estratexias de lectura adecuadas aos diferentes tipos de textos.
- Produción de textos escritos adecuando a lingua á situación comunicativa.
- O significado das palabras. Familias léxicas. Vocabulario.
- Produción de textos a partir de esquemas dados. A palabra como xogo. Utilización adecuada do dicionario.
- Potenciar a comunicación escrita e oral como fonte de diversión, información e medio de expresión dos valores sociais e culturais.

A lingua como obxecto de reflexión:

- Coñecer e respectar a diversidade lingüística e cultural de Galicia.
- Reflexionar sobre as relacións e interferencias da lingua galega coas demais linguas do contorno.
- Incorporar e asegurar a automatización das normas ortográficas de aparición frecuente na lingua habitual do alumnado.

A lingua e os medios de comunicación:

- Identificar a intención comunicativa dunha mensaxe, oral ou escrita, constituída por distintos códigos, verbais e non verbais.
- Utilizar os medios de comunicación como fonte de información e para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.
- A cultura da imaxe. Importancia dos elementos icónicos na sociedade actual.
- A linguaxe en interacción coa música: recitado, dramatización...

- Os medios de comunicación escritos. Linguaxes e estruturas.
- Novos medios de comunicación: A informática.

A lingua como canle de comunicación:

- Compartir cos centros do entorno experiencias e actividades educativas.
- Apreciar a calidade formativa e divulgativa das producións propias e alleas, valorando os elementos creativos e innovadores das mesmas.
- Intercambiar experiencias e coñecementos .
- Establecer os fundamentos dunha actuación educativa participativa e intercultural.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, de respecto e de participación cara ós demais centros do contorno.

Currículo de primaria:

Dado que, a lingua predominante no medio e a lingua familiar do alumnado e o castelán, cumpre de reforzar precisamente a lingua galega, xa dende o primeiros cursos, fomentando o uso progresivo do galego , de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino, toda vez que se pretende acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, focalizando fundamentalmente os beneficios do plurilingüismo, tal e como aparece recollido na normativa.

Incrementar progresivamente a presenza do galego, incorporando dinámicas socio afectivas e posibilitando a reflexión e transferencia á realidade cotiá, para asentar valores relacionados coa diversidade lingüística e o plurilingüismo, a normalización cultural e os hábitos lingüísticos. Desenvolver programas experimentais en galego para castelán falantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así como o seu seguimento e avaliación.

MEDIOS E RECURSOS

- Ter ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca e a mediateca do centro, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.
- Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións impresas.

A BIBLIOTECA:

Ter ben dotada de libros e revistas en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentando o seu uso e a súa lectura con profesorado-bibliotecario atento á normalización da lingua e da cultura nas súas actividades de dinamización e animación á lectura.

- Materias curriculares en galego.
- Medios informáticos en galego.
- Medios audiovisuais en galego.
- Promover plans de lectura mediante técnicas de animación nas bibliotecas do centro e das aulas, aproveitando o protagonismo social que acadou nas últimas décadas a literatura infantil e xuvenil en lingua galega.
- Utilizar a biblioteca como fonte de información e diversión.
- Valoración da biblioteca e do patrimonio literario como expresión lingüística e cultural da comunidade.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN:

- Darlle pulo á utilización das (TICS), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece internet
- Recompilar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos.

3.5 Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

Medidas de acción educativa:

3.5.1 Criterios, procedementos e proceso de actuación.

As Medidas a adoptar para que o alumnado poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan nas linguas oficiais e acadar as mesmas competencias que o resto do alumnado, poderán alcanzarse de modo distinto, procedendo a unha diversificación de procedementos e

estratexias instrucionais levadas a cabo nos diferentes momentos de deseño e posta en práctica da nosa acción educativa.

As opcións ou vías básicas primeiras e máis importantes para a atención ao alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas adoptaranse no marco de cada aula concreta e profesor concreto a través das medidas ordinarias.

Cando o titor considere que esas medidas están esgotadas cumprimentará o protocolo de derivación elaborado ao efecto consensuadamente para intervir, directa ou indirectamente, o departamento de orientación.

3.5.2 Medidas ordinarias.

Son comúns a todo o alumnado e afectan a decisións sobre os elementos do currículo, ao plan de acción titorial e de orientación. Consideramos as seguintes:

Establecida a demanda realízase a avaliación ordinaria nun proceso cíclico de avaliación-establecemento de necesidades-intervención, coa seguinte secuencia:

- Obter información dos profesores/pais/outros relativas ao funcionamento do alumno nas áreas lingüísticas de interese.
- Programar a avaliación directa do alumno.
- Administrar probas normativas, criteriosais, evolutivas e pedagóxicas.
- Recoller datos de observación.
- Elaborar un informe ou síntese sobre os datos recollidos que inclúan implicacións diagnósticas ou prognósticas sobre as necesidades específicas atopadas e proporcione orientacións determinadas para a elaboración dun programa educativo individual.
- Acordo da liña de traballo concretado no programa educativo individual:
 - Definición de obxectivos a longo ou medio prazo, que inclúan as expectativas finais de cambio.
 - Desenvolver obxectivos a curto prazo directamente relacionados cos obxectivos a longo e medio prazo.
 - Xerarquizar, todos os implicados, os obxectivos a curto prazo.
 - Determinar as actividades e procedementos para a ensinanza.
 - Levar a cabo a ensinanza.

- Facilitar ao máximo a xeneralización á contextos amplos e naturais.
- Levar rexistros de execución.
- Avaliar o progreso.
- Levar a cabo as modificacións necesarias no programa.
- Informar sobre o progreso do alumno aos pais cunha regularidade establecida.
- No caso de que as medidas anteriores non fosen suficientes realizárase a oportuna avaliación psicopedagóxica seguida da toma de decisións consecuente.

3.5.3 Medidas falcitadoras de coñecemento e seguimento do alumnado.

Entrevista semi-estruturada cos pais do alumnado afectado, de especial importancia en 1º de Primaria.

Cuestionario inicial a cubrir polos pais dos alumnos de novo ingreso no centro. A partires de 4º curso, os alumnos tamén cobren un.

Acción de acollida e integración (inxeridas no PAT).

Probas de avaliación inicial, dándolle especial relevancia en 1º EP. Avaliación diagnóstica-orientativa ao final dos niveis que determine o claustro anualmente, a realizar complementariamente polos equipos de nivel e o departamento de orientación.

Informes de Avaliación Individualizados claros, con información relevante a cubrir por cada titor coordinando o equipo de profesores.

Reunión dos distintos niveis para poñer en común a información recibida do curso anterior e a avaliación inicial feita no curso actual. (A mediados de outubro).

Avaliación formativa, con todo o que significa.

3.5.4 Medidas organizativas.

Grupos de adquisición das linguas:

- Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atopa escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.

- O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, sen a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno incorporárase plenamente ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas.
- Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na educación primaria.
- O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso.

Horarios:

- horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 10 períodos lectivos nos dous primeiros cursos da educación primaria, 20 nos restantes cursos da educación primaria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.
- Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística, nos derradeiros cursos da educación primaria. No caso dos dous primeiros cursos de educación primaria, ademais das actividades específicas que se poidan desenvolver no grupo de adquisición das linguas, tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.

Profesorado:

- O titor deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e será asesorado, se é o caso, polo departamento de orientación.
- A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas.

- Durante o período de permanencia no grupo de adquisición das linguas os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

Outros grupos de reforzo das linguas:

- O profesor e/ou titor/a atende individualmente ao alumnado sen intervención directa doutro profesor ou especialista.
- Outro profesor ou especialista intervén no grupo aula atendendo a un/s alumno/s concreto/s.
- Atención fóra da aula en pequenos grupos ou individualmente.
- No primeiro mes de curso, en reunión por niveis coordinada pola xefatura de estudos e asesorada polo/a orientador/a, fixaranse os alumnos, modalidade de apoio, agrupamentos e horarios atendendo ás necesidades identificadas e aos recursos humanos, sen prexuízo do carácter aberto, dinámico e flexible que teñen todas as medidas.
- Estas actividades organízanse dentro do horario xeral do centro, flexibilizando o horario e o agrupamento dos alumnos.
- As sesións de reforzo e/ou apoio realizaranse preferentemente cando os compañeiros de clase estean traballando as outras áreas, evitando no posible que coincidan con materias de contidos que non son obxecto de reforzo.
- A finalidade será reforzar, prioritariamente, as técnicas instrumentais básicas mediante un tempo de maior cantidade e calidade de axuda pedagóxica cun seguimento máis individualizado e especializado centrado nas necesidades identificadas, especialmente na oralidade.
- Dedicaranse a esta tarefa o profesorado titor ou o profesorado que dispoña de horas para completar o seu horario lectivo, tamén o profesorado especialista en AL/PT e que así o determine a xefatura de estudos polos seus coñecementos e actitude cara a esta función.
- Levaranse a cabo nas aulas ordinarias ou no seu caso na aula de AL/PT e que por horario sexan indicadas.

- Os equipos de nivel fixarán nas programacións correspondentes os criterios de avaliación e contidos lingüísticos básicos, que determinarán as actividades eixo a traballar nas sesións de reforzo indicando tamén as directrices metodolóxicas a seguir.
- Os materiais base a empregar terá como referente os criterios de avaliación fixados en cada caso, servindo de guía, na medida do posible, o libro de texto programación adaptada de aula), complementándoo ou substituíndoo, cando se considere máis efectivo, por outros materiais adaptados ou de elaboración propia do equipo docente. (As programacións realizadas e os materiais adaptados-elaborados formarán fontes de recursos a empregar nos próximos cursos.)
- profesor/a responsable da actuación concreta coordinará toda a información e recursos para establecer o plan personalizado de traballo no que se reflectirán acordos con respecto aos obxectivos a traballar e especificacións por trimestre.
- Os pais dos alumnos serán informados das medidas que se van a adoptar e dos obxectivos que se pretenden conseguir. Pídeselles implicación responsable.
- alumno deixará de recibir reforzo/apoio cando así o acorden todos os implicados na medida desenvolvida.

3.5.5 Medidas curriculares.

Proxecto Educativo.

- Partimos dun PEC que demandamos non só incorpore conceptos, senón tamén os principios, procedementos e actitudes e que revise nun proceso de actualización permanente e periódica, que a visión e misión do centro sexa garante dunha formación común que dea resposta ás indiscutibles diferenzas de capacidades, intereses e motivacións existentes entre o alumnado.
- Situámonos nun modelo educativo non discriminatorio plurilingüista e aberto ao noso entorno e a realidade social.

Proxecto Curricular.

Na contextualización de obxectivos debemos ter en conta:

- Priorizar nas capacidades consideradas transversais á maioría ou preferentemente nas competencias lingüísticas.
- Os diferentes graos de desenvolvemento nas capacidades propostas.
- Establecer os obxectivos de maneira que facilite a súa gradación.

Os contidos deben:

- Fixar prioridades e equilibrio entre o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos, e á adquisición de competencias.
- Diferenciar entre os básicos de aprender e os complementarios para situacións de aprendizaxe posteriores.
- Responder a unha organización e distribución coherente e sistemática.

A avaliación, referida a procedementos e estratexias:

- Terá sempre en conta o nivel de partida do alumno e a súa evolución con respecto á súa situación inicial e se o progreso, no seu conxunto, responde aos obxectivos xerais propostos.
- Será continua, personalizada e integradora, xerando información que fundamente e oriente as decisións do profesorado cara á súa propia actividade e á do alumnado.
- Secuenciará os criterios de avaliación para atender aos diferentes niveis de complexidade ou de significatividade das aprendizaxes.

Medidas ordinarias e extraordinarias:

- Axustalas retroactivamente para dar resposta á situación de inferioridade lingüística do/a alumno/a.
- Programación de contidos.

- Precisar claramente os nucleares do currículo, os máis funcionais e imprescindibles para as aprendizaxes posteriores e que contribúen ao desenvolvemento das competencias lingüísticas xerais: comprensión, expresión, selección de información ...

Neste eido nos primeiros cursos de primaria reforzaranse os distintos niveis de aprendizaxe da lingua:

- O léxico: tanto a calidade coma a cantidade do mesmo.
- O nivel fonético-fonolóxico: adquisición e utilización do sistema fonético-fonolóxico.
- Semántico: adquisición dos significados da palabra tendo en conta que non se poden desvincular da sintaxe.
- Pragmática: a adecuación o discurso.
- Sintáctico: adquisición das regras implícitas ou explícitas da combinación da palabra.

O obxectivo é chegar a unha comprensión e expresión (non entendemos unha sen a outra), para chegar a competencia axeitada.

Nos derradeiros cursos de primaria o apoio céntrase na lectura e a escritura e na comprensión lectora, prestando especial atención a oralidade, respectando:

- O nivel de comprensión implícita que debe deducirse do texto.
- O nivel de comprensión contextualizado derivado da inxerencia que se debe facer da mensaxe.
- O nivel de comprensión crítica: desenrolar unha opinión crítica dos contidos da lectura; o alumno debe saber utilizar o lido para expresarse.
- O nivel de expresión: aquí priorizaremos o proceso que debemos seguir e as estratexias que podemos ofrecer para potenciar a calidade do texto escrito.

As estratexias didácticas:

- Actividades de aprendizaxe variadas e con distinto grao de dificultade para permitir diferentes vías de acceso aos contidos.

- Materiais didácticos tamén variados, máis ou menos complexos e prácticos, que cubran todos os pasos do proceso de aprendizaxe a traveso das actividades graduadas.
- Agrupamentos de alumnos derivados dunha organización flexible do espazo e do tempo combinando o traballo individual, en grupo e gran grupo e organización de grupos flexibles fóra da aula cos alumnos que precisen apoios específicos (procurando sempre que non sexa a medida habitual)
- Formas de facer: diversidade de linguaxes (oral, icónico, gráfico...), diversificación dos contextos nos que traballar, resolución de situacións problemáticas, traballo en proxectos compartidos, emprego de procesos comunicativos que favorezan as relacións grupais e interpersoais.
- Avaliación. Con diferentes procedementos e estratexias buscamos deixar claro ao alumno o que se espera del en cada nivel do proceso educativo. Así, poñemos especial coidado en que sexa sistemática, continuada e eminentemente formativa e individualizada para o que :
 - Empregaremos procedementos de avaliación inicial.
 - Utilizaremos actividades de avaliación diferenciadas.
 - Utilizaremos procedementos e instrumentos variados (observación natural, escalas, cuestionarios, fichas, rexistros, probas obxectivas...)
 - Consideramos as mellores situacións de avaliación.
 - Teremos moi en conta as condicións do contexto sociolingüístico familiar.
 - Baseámonos nas capacidades, ritmo e motivación de cada alumno e, consecuentemente, interpretamos os estándares de avaliación graduando a súa aplicación.

3.5.6 Medidas metodolóxicas.

Nese eido buscaremos:

- A interrelación das variables condicionantes da metodoloxía:
- Aprendizaxe dinámico.

- Relación entre o profesor e o alumno.
- Coherentes agrupamentos de alumnos.
- Distribución racional do espazo e tempo.
- Organización de contidos, secuenciación de actividades.
- Aprendizaxe por descubrimento: construtivo, significativo.
- Estratexias de socialización: comportamento interpersoal, sobre si mesmo, en relación ás tarefas.
- Método secuencial.
- Ensinanza individualizada: atención, modulación, indución, comprobación.
- Métodos cooperativos
- Tutorías entre alumnos: iguais, distinta idade...
- Auto instrucións verbalizadas.

3.5.7 Medidas de reforzo educativo.

Serán medidas como prestar máis atención ao alumnado, reorganizar a aula, proporcionar máis tempo, estruturar de maneira diferenciada os materiais curriculares, aplicar métodos específicos (ensinanza cooperativa, proxectos,...), facer unha avaliación integradora, utilizar reforzamentos positivos axeitados, concretar e proporcionar a cada alumno as axudas necesarias, tanto antes como durante ou despois da actividade ...

Pero haberá casos nos que este tipo de modificacións non sexan suficientes e necesitemos introducir unha diferenciación das actividades, programando actividades de reforzo, complementarias, de síntese, de consolidación, ou variar a organización destas (de forma lineal, cíclica...).

Estas medidas serán elaboradas polo titor ou polo profesor da área e terán coñecemento o equipo directivo e a familia do alumno.

O relevaremosto a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor correspondente que contará coa colaboración do Departamento de Orientación. En cada nivel dispoñemos dun espazo temporal semanal para atender a estes alumnos que necesitan explicacións complementarias ou realizan actividades básicas de reforzo, na medida do posible sempre dentro da aula.

Algúns medidas concretas que poden ser tomadas son:

- Dedicar un mínimo dunha hora semanal coas linguas a realizar actividades de repaso e enriquecemento.
- Empregar os estudos asistidos para proporcionarlle aos alumnos que o necesiten material concreto de reforzo controlado polo mesmo profesor ou polo de apoio.

Estas medidas reflectiranse no expediente académico como reforzo educativo. Farémolas constar cun comentario no informe correspondente ás familias. Para efectos de avaliación, seguiranse os criterios individuais establecidos previamente. Para a promoción, o referente serán os estándares de avaliación establecidos no PCC.

O seguimento e avaliación da utilidade do reforzo terémolo como requisito previo para a participación destes alumnos no espazo de optatividade e/ou programas de diversificación curricular en Secundaria.

Todo o proceso e as medidas específicas para cada alumno articularase nun Programa Base de Reforzo Educativo.

4.- Avaliación do Proxecto e Addenda anual.

Facemos unha avaliación inicial , coa atención continuada ao proceso permitíndonos obter datos sociolingüísticos primarios, directos e específicos, que concreta nos achegados a través doutras fontes (enquisas, observacións ou estudos realizados no centro e fóra del) e nos orientan o labor a realizar. No curso 2018/2019 fixemos unha enquisa anónima para coñecer a situación lingüística do profesorado.

RESULTADO DA ENQUISA ANÓNIMA PARA COÑECER A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO PROFESORADO

CENSO VOTANTES: **35**. Nº DE PARTICIPANTES: **24**. ABSTENCIÓNS: **11**.

USO LINGÜÍSTICO:

Que lingua falas habitualmente na escola?

sempre galego	8,8%
sempre castelán	0%
máis galego	20,8%
máis castelán	50%
as dúas igual	41%

Fóra da escola, falas:

sempre galego	4%
sempre castelán	4%
máis galego	25%
máis castelán	50%
as dúas igual	37,5%

Que lingua prefires que se utilice nos centros de ensino?

Sempre galego: 33%

Sempre castelán: 0%

Máis galego: 16%

Máis castelán: 0%

As dúas igual: 37%

Outra:

Estás de acordo coa difusión, a normalización e o incremento oral do galego na escola?

Si: 96%

Non: 0%

Dáme igual: 0%

Non sei: 4%

Estás disposto/a aumentar o uso oral da lingua galega na escola?

Si: 91%

Non:

Dáme igual: 4,1%

Non sei: 4,1%

Se un libro que che interesa está escrito tanto en castelán como en galego, prefires:

Galego: 37,5%

Castelán: 16,6,%

Dáme igual: 45%

ACTITUDE SOCIOLINGÜÍSTICA:

Que actitude amosas cara as dúas linguas oficiais?

Actitude cara ao galego

Actitude negativa cara ao galego:

Actitude neutral: 41%

Actitude positiva cara o galego: 51%

Actitude moi positiva cara ao castelán: 8,3%

Actitude cara ao castelán

Actitude negativa cara ao castelán: 0%

Actitude neutral: 65%

Actitude positiva cara ao castelán: 29%

Actitude moi positiva cara ao galego: 8%

COÑECEMENTO NORMATIVO SOBRE O USO

Coñeces o artigo nº 3 do uso do galego na administración educativa?

Si: 70%

Non: 30%

Estás ao corrente da normativa actual para o uso do galego?

Si: 87%

Non: 12,5%

O equipo procurará actualizar estes datos sobre a realidade lingüística do centro cunha periodicidade anual, para que permitan incidir debidamente sobre as estratexias previstas para o presente curso e outras que poidan incorporarse máis adiante, introducindo cando sexa preciso, os cambios necesarios no desenvolvemento dos obxectivos.

No remate do ano escolar o EDL, fará un seguimento do desenvolvemento do proceso e das medidas propostas, introducindo aquelas disposicións e procedementos que sexan posibles para melloralo .

Ao remate do curso o EDL elaborará unha memoria, onde se fará unha Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso e se concretará o nivel de cumprimento dos obxectivos propostos, cunhas recomendacións a ter en conta para o seguinte curso, polos axentes educativos.

Fases da avaliación global do proceso:

O obxectivo desta avaliación será a de analizar ao final de curso a súa adecuación á realidade do centro e deseñar as modificacións necesarias nas distintas variables.

O proceso a seguir será:

- Análise e avaliación nas reunións do EDL.
- Posta en común na CCP.
- Elevación das conclusións e posibles modificacións no Claustro do Profesorado.
- Inclusións das valoracións na memoria final decurso.

- As conclusións son base para as modificacións do PLC do seguinte curso.
- As revisións do Proxecto Lingüístico de Centro faranse no primeiro mes do curso atendendo ás conclusións e ás realidades nese momento.


ADDENDA ANUAL


No mes de setembro presentarase unha addenda anual na que se incluírá unha Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e a Información sobre os programas e actividades que se desenvolverán no curso seguinte.

Pontevedra 22 de outubro de 2019

Vº e Prace

O coordinador do EDL





Asdo. José Manuel Sánchez Moure
 Director CEP Campolongo

Asdo. Antonio Ferrer Moreira

